

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Necesidade de que entre en vigor o Orzamento do 2026 para a executar as partidas de investimentos que nel se atopan; ademais de solicitar o antes posible a adhesión ao Convenio Marco»

Data:

25 de marzo de 2026

Duración:

Desde as 20:38 ata as 21:00

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
██████████	ANA BECEIRO RIVAS (interventora)	SÍ
██████████	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	SÍ
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ



	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	NON
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 6913/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2026

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 2, Abstencións: 5, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Visto o certificado emitido pola Secretaría en relación coas reclamacións presentadas contra o Orzamento Xeral.

Visto o informe de Intervención sobre as reclamacións presentadas contra o Orzamento Xeral, co obxecto de proceder a realización de correccións técnicas, sen alterar o seu equilibrio.





Vista a proposta de resolución PR/2026/433 de 17 de marzo de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 18 de marzo de 2026.

Debatido este asunto, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos votos a favor do PP, en contra do BNG e as abstencións dos grupos do PSdeG-PSOE, e Mixto (MOVETE), os seguintes **ACORDOS**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Desestimar as reclamacións presentadas mediante rexistro de entrada número 2026-E-RE-502 por non estar os reclamantes lexitimados para formular reclamacións contra a aprobación do Orzamento Xeral.

Segundo.- Estimar parcialmente as reclamacións presentadas mediante rexistro de entrada número 2026-E-RE-619 e 2026-E-RE-620 no relativo ao cumprimento dos límites porcentuais establecidos no artigo 7 do Real Decreto 861/1986; e desestimar as relativas á supresión de partidas, habilitación de crédito para complementos retributivos e ao axuste de partidas de acción social, por non estar fundamentadas nas causas previstas no artigo 170.2 do TRLRHL, ao corresponder estas cuestións á potestade de autoorganización, planificación e decisión da entidade local.

Terceiro.- Modificar o estado de gastos do Orzamento mediante a minoración das aplicacións orzamentarias 132.162.00 (6,00 €), 135.162.00 (6,00 €), 231.0.162.00 (12,00 €), 231.2.162.00 (6,00 €), 323.0.162.00 (6,00 €), 323.2.162.00 (6,00 €), 332.1.162.00 (6,00 €), 332.2.162.00 (6,00 €), 912.162.00 (6,00 €), 920.0.162.00 (110.000,00 €) e 930.162.00 (12,00 €), e o incremento da aplicación 920.0.150.01 polo mesmo importe (110.072,00 €), co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.

Cuarto.- Substituír o "Anexo de investimentos para 2026", incluído no expediente do proxecto de Orzamento do Concello da Estrada para o exercicio 2026 (C.S.V. 5SNQPMY9KEPWLEYTRG9X47PWA), mantendo inalterada a súa contía total e procedendo á modificación e ao maior detalle das fontes de financiamento asignadas a cada investimento, co obxecto de mellorar a súa claridade e identificación.

Quinto.- Aprobar con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello da Estrada para o exercicio 2026.

Sexto.- Publicar o anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.





Sétimo.- Remitir copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Expediente 759/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLÍMATICO E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS, DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL CARTÓN DUN SÓ USO.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Visto o Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada de Residuos de envases domésticos, de envases lixeiros e papel cartón dun só uso.

Visto o interese deste Concello de adherirse ao devandito Convenio.

Visto o informe da Técnica de Administración Xeral de Secretaría de data 12 de marzo de 2026.

Visto o informe da Interventora Municipal de data 13 de marzo de 2026.

Vista a proposta de resolución PR/2026/432 de 17 de marzo de 2026, emitida polo concelleiro delegado de Promoción Económica.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente na sesión celebrada o 18 de marzo de 2026.

Debatido sobre o particular, sométese a proposta a votación, adoptándose, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- O Concello da Estrada manifesta coñecer o contido do Convenio Marco, incluídos todos os seus Anexos, quedando obrigada polo seu contido naquilo que sexa de aplicación en función do réxime competencial de xestión aplicable, e aproba o mesmo.

Segundo.- De acordo ao previsto no Convenio Marco, o Concello da Estrada subscribe o Protocolo de Adhesión de acordo coas cláusulas establecidas no mencionado Convenio Marco e asume as súas condicións particulares.

Terceiro.- O Concello da Estrada comprométese á aceptación formal das condicións establecidas no Convenio Marco, no que se regulan as condicións da súa participación.





Cuarto.- O Concello da Estrada manifesta que as cantidades devindicadas en aplicación do Convenio marco serán destinadas ao financiamento de todas as actuacións previstas nel e en ningún caso para fins distintos aos descritos no Convenio marco.

Quinto.- O Concello da Estrada manifesta que poñerá en marcha as medidas necesarias para lograr unha mellora continua dos resultados e eficiencia do sistema, permitindo para iso a participación e colaboración da Comunidade Autónoma e do SRAP.

Sexto.- O Concello da Estrada elixe como modalidade de xestión a opción C: "SRAP FINANCIA", polo que a adhesión ao Convenio non suporá custo para o Concello.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/gl/2026/03/26/pleno-concello-de-a-estrada-25-de-marzo-2026-2/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital "hash":

F18D679D3EC735D531EB0DFB6248594A2275296DF7A4108B0C851248B285E6C9

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

